

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA E A CORPORACIÓN DE SERVIZOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA, S.A. ("O Agro", "Labranza", e "Ferrado e medio"), 2026

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, dona María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG nº 73 do 14 de abril de 2024) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra banda, dona María Concepción Pombo Romero, directora xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, actuando en nome e representación da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A., con CIF A15073349, en virtude do disposto no artigo 38 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital e polo artigo 25 dos Estatutos sociais.

EXPOÑEN

Primeiro. Que a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, a través da súa canle de televisión, TVG, ven emitindo dende o 9 de marzo de 1991 os espazos "O Agro" e "Labranza", o que os converte, con máis de trinta anos de historia, en espazos decanos da televisión na Comunidade Autónoma. A creación de ambos os dous programas foi proposta e promovida directamente pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes como un servizo público de información para o sector agropecuario e forestal e para os habitantes do medio rural, no que a consellería competente nesta materia ven prestado a súa colaboración.





Así mesmo, a través da súa canle de radio, ven emitindo o programa "Ferrado e medio" os domingos de 07:00 a 08:00 da mañá.

Segundo. Que durante o ano 2025, o programa "Labranza" rexistrou unha cota de pantalla do 6,3 % e unha audiencia media de 11.000 espectadores. Pola súa banda o espazo " O Agro" que se emite no programa "A Revista" acadou unha cota de pantalla estimada do 7,8% (11.000 espectadores). Ademais de estar na primeira canle de Televisión de Galicia, este programa emítese para toda Europa e América a través da canle internacional da CSAG.

O programa de Radio Galega "Ferrado e medio" emitido na franxa de 07:00 a 08:00 os domingos rexistrou unha audiencia acumulada no ano móbil Febreiro- Novembro de 2025 de 3.000 oíntes segundo o Estudio General de Medios. Ademais de emitirse na Radio Galega o programa está dispoñible na páxina web da CSAG.

A TVG pechou o ano 2025 cunha cota media de pantalla do 8,4%.

Terceiro. Que os obxectivos informativos dos tres programas son os mesmos: a difusión de temas de actualidade e interese para o sector agrario, forestal e rural, o que inclúe información actualizada sobre as cotizacións dos mercados gandeiros, as distintas liñas de axudas ás que poden optar os agricultores ou avisos de pragas e enfermidades, entre outros.

Cuarto. Os ditos obxectivos coinciden cos previstos no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, que coa súa participación pretende levar a cabo un servizo de difusión nos medios de comunicación de titularidade pública que ten por obxecto a divulgación de mensaxes que contribúan ao desenvolvemento do medio rural e a mellorar as condicións de traballo e de vida das persoas que se dedican en Galicia á actividade agrogandeira e forestal.





Quinto. Que a Consellería do Medio Rural considera á Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A., por razón do seu alto grao de audiencia nas zonas rurais e a súa raizame na sociedade galega, un medio idóneo para impulsar os devanditos aspectos relacionados co sector agrogandeiro e forestal e ao mesmo tempo, que por este medio se considera de grande importancia revitalizar e impulsar a súa programación en todo o que respecta a este sector no ámbito da Comunidade Autónoma galega.

Sexto. Que a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A., como sociedade pública, ten o interese e o deber, como servizo público que é, de dar a coñecer e promover entre a súa audiencia a divulgación de programas mediante os que se acade unha formación integral dos galegos na importancia que ten o sector agrogandeiro e forestal.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración técnica e financeira para o desenvolvemento dos espazos "O Agro", "Labranza" e "Ferrado e medio", que emite a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A., á quen lle corresponde o establecemento da liña editorial e a consecuente responsabilidade sobre os contidos emitidos.

Segunda.- Obxectivos dos programas que son obxecto do convenio

A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A, emitirá os espazos "O Agro", "Labranza", e "Ferrado e medio" orientados á consecución dos seguintes obxectivos:





- a) Información e difusión dos distintos planos que conforman a actividade da Consellería do Medio Rural en relación co sector agrogandeiro e forestal.
- b) Difusión da información que contribúa á mellora e á racionalización destes sectores produtivos, así como á súa promoción cara o fomento do consumo dos seus produtos.
- c) Achegamento á realidade do traballo e á vida cotiá das xentes do medio rural de Galicia e, en xeral, transmitir calquera tipo de información e coñecementos considerados de importancia en relación co noso sector agrogandeiro e forestal.

Terceira.- Obrigas das partes

A) A CORPORACIÓN DE SERVIZOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA, S.A.. comprométese a:

1. Elaboración dos programas nos que se emitirán os contidos de interese xeral para o sector agrogandeiro e forestal.
2. Emisión do programa "Labranza" na grella de programación da TVG, cunha duración de 30 minutos, emitirase semanalmente e nunha franxa horaria que garanta un alto nivel de audiencia e repercusión entre o 1 de abril e o 31 de decembro de 2026. En total, 34 programas. O programa inclúe dúas reportaxes (de 12 minutos e medio de duración aproximadamente) nos que se trata de facer unha análise en profundidade de temas de actualidade do sector agropecuario, forestal e o medio rural.
3. Emisión do espazo "O Agro" na grella de programación da TVG, cunha duración de 7 minutos, os martes e mércores, na programación da franxa de mañá, dende o 1 de abril ata o 31 de decembro de 2026. En total son 71 programas. Inclúen con carácter xeral, unha ou dúas reportaxes, de entre 2 e 4 minutos de duración, sobre temas de actualidade do sector agrario, forestal e rural, así como varias seccións fixas segundo o día da semana.





4. Emisión do espazo "Ferrado e medio" na grella de programación da Radio Galega, cunha duración dunha hora, os domingos de 07:00 a 08:00 horas, dende o 1 de abril ao 31 de decembro de 2026. En total son 34 programas. O contido deste programa versa sobre as novidades da agricultura e a gandaría galegas. Así estrutúrase en diversas seccións que inclúen información relativa ás producións agrícolas, planta ornamental, oleícolas, sector gandeiro, forestal e información de interese para as persoas traballadoras destes eidos produtivos.

5. Cesión ou o aproveitamento do material gráfico elaborado pola Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A. para uso da Consellería do Medio Rural na promoción, divulgación, cursos, conferencias, material didáctico ou difusión por calquera medio que considere oportuno a Consellería, enviándolle copias dos espazos emitidos nun soporte de calidade axeitado e posibilitando a solicitude puntual de imaxes ou material en bruto.

As devanditas producións, nos seus títulos de crédito, farán constar "Imaxes cedidas por CSAG".

Con carácter previo á reprodución que se autoriza nesta cláusula, a Consellería do Medio Rural solicitará á Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A. as imaxes que precise, o seu destino, o número de copias que proxecta realizar e o procedemento de distribución previsto. Así mesmo, poderá solicitar copias dos programas emitidos en formato DVD.

6. Finalmente, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A. asume a obriga de facer constar a colaboración da Xunta de Galicia - Consellería do Medio Rural na dita produción.

B) A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL comprométese a:

1. Achegar a cantidade que figura na cláusula quinta deste convenio para levar a cabo o obxecto do mesmo.
2. Orientar e facilitar toda canta información sexa necesaria para a boa realización dos programas obxecto do convenio.





Cuarta.- Guións e produción da serie de programas

A Consellería do Medio Rural facilitará á Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A a documentación e mais o asesoramento necesario para a elaboración dos guións que compoñen os distintos espazos obxecto de emisión. Así mesmo, a consellería autorizará a traducir ou subtitular os guións resultantes a calquera lingua. Estes dereitos serán cedidos para todo o mundo e polo tempo máximo previsto na lexislación reguladora dos dereitos cedidos para a protección e goce dos mesmos.

Os medios técnicos e humanos necesarios para a gravación e produción desta serie de espazos serán por conta da a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A.

Quinta.- Financiamento

O orzamento total dos programas para o período que comprende este convenio, entre o 1 de abril e o 31 de decembro de 2026 é de 292.591 euros. A Consellería do Medio Rural contribúe con 75.000,00 euros, con cargo á aplicación 15.01.711A.640.3 (código de proxecto 2015 00585) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026.

A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio e non obterá ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

A dita cantidade será aboada pola Consellería do Medio Rural mediante pagos mensuais, tras a xustificación suficiente da realización das accións obxecto do convenio, que poderán abranguer gastos dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Factura expedida pola a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A contra a Consellería e certificacións do responsable de emisións da CSAG





sobre as datas e horas de emisión de cada programa. Estas facturas deberán ser conformadas pola Secretaria Xeral Técnica.

- Dúas (2) copias dos programas en formato DVD.
- Certificacións expedidas polas respectivas administracións, que acrediten que a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A., está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes coa Xunta de Galicia.

Sexta. - Comisión de seguimento

Para os efectos de velar pola boa marcha e cumprimento do estipulado neste convenio créase unha comisión de seguimento, que estará composta por dous representantes do Gabinete de Prensa, en representación da Consellería do Medio Rural, e pola Dirección de Servizos Informativos e a dirección técnica da serie de programas, en representación da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A. Esta comisión reunirse cando así o solicite unha das partes e será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.

Sétima.- Vixencia

Este convenio producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización da correspondente addenda.

Oitava.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación.





Este convenio rexerese polas súas propias cláusulas. Para todo o non previsto no seu clausulado estarase ao previsto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Novena.- Controversias

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán solventarse pola comisión de seguimento á que se refire a cláusula sexta anterior do presente convenio.

Décima.- Réxime de persoal

A sinatura deste convenio non implica relación laboral ou de calquera outro tipo entre os profesionais encargados de executar as actividades que constitúen o seu obxecto e a Consellería do Medio Rural, de tal xeito que non se poderá esixir a esta ningún tipo de responsabilidade polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento, nin polos incumprimentos nos que puidera incurrir a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A . nas súas relacións cos traballadores aos que encomende a realización do traballo.

Undécima.- Transparencia

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Duodécima.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das





persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E para que así conste, en proba de conformidade e tras a súa lectura, as partes asinan o presente convenio, no lugar e data arriba indicados.

Pola Consellería do Medio Rural

A Conselleira

María José Gómez Rodríguez

Por Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A.

A Directora xeral da CSAG

María Concepción Pombo Romero

